

## Concello de Viveiro

EXPTE.-2301/2024

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Á vista da publicación no Boletín Oficial da Provincia número 139, de 19 de xuño de 2023, publica a convocatoria do proceso para a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (Modelo 406), ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de cinco traballadores non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Vistas as Bases Xerais, anexo e específicas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería de Medio Rural e a Entidade Local de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de UN PEÓN CONDUCTOR non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2024 nomeando aos membros do Tribunal do proceso selectivo para a contratación de un peón conductor, non incluído no cadro de persoal do concello.

Vista a base xeral 8.1, que sinala “(...) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 10 días.

*A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión...”*

Vista a base xeral 8.2, que sinala “(...) **Prazo de alegacións e subsanación de documentación referente á exclusión (documentos a), b) e c) das bases).**- A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique.

*A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 5, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (10) dez días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto. No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva...”*

Tendo en conta que o punto 8.2 establece un prazo de subsanación, tanto de méritos como da acreditación do nivel de galego esixido, que será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Taboleiro de anuncios dixital do Concello de Viveiro, así mesmo establece que no suposto de non resultar excluído ningún aspirante a lista provisional aprobarase con carácter de lista definitiva.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 4 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 5 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.



## Concello de Viveiro

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte lista ao proceso selectivo de **UN PEÓN CONDUCTOR, con carácter de lista definitiva de admitidos/as:**

#### A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	ADRADOS BRETON DIEGO	<b>NON EXENTA</b> <i>(Pode ser obxecto de subsanación)</i>
2	CABRERA MANZANO ADOLFO	<b>NON EXENTA</b> <i>(Pode ser obxecto de subsanación)</i>
3	MONTEIRO MONTEIRO ABRAHAM	<b>EXENTA</b>
4	MONTEIRO MONTEIRO MANUEL	<b>EXENTA</b>

A publicación desta lista de admitidos/as de carácter definitiva, abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indican. Esta lista con carácter de definitiva tamén se publicará na web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

**SEGUNDO.-** Vista a proposta do Tribunal en relación á subsanación da documentación presentada por varios aspirantes, no que se refire aos méritos a valorar, aportando copia simple, en virtude do disposto no punto 5 das Bases Xerais, e tendo en conta que se require a aportación de copia cotexada ou copia auténtica, resultando posible a súa subsanación, requírese aos seguintes aspirantes para que subsanen os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de dez días hábiles.

APELIDOS E NOME	SUBSANACIÓN
ADRADOS BRETON DIEGO	<b>Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.</b>

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra a resolución que aproba a presente lista de admitidos/as con carácter de definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da presidencia do Concello de Viveiro, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no Taboleiro de Anuncios dixital da presente listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no Taboleiro de anuncios dixital.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2



## Concello de Viveiro

---

do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

***(Documento asinado dixitalmente á marxe)***

